ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
CURSO 2019/2020

CENTRO: IES PEDREGAL DE IRIMIA (MEIRA-LUGO)

CURSO: 1º BAC

MATERIA: LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

DEPARTAMENTO: LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

DATA: 10 de maio de 2020

ÍNDICE

1.- Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.....páxina 2

2.- Avaliación e cualificación.....páxina 5

3.- Metodoloxía e actividades do 3º timestre.....páxina 6

4.- Información e publicidade.....páxina 7

1.- Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterios de Avaliación	Estándar de aprendizaxe
B 2.2 Sintetizar o contido de textos expositivos e argumentativos de tema especializado, discriminando a información relevante e accesoria, e utilizando a lectura como un medio de adquisición de coñecementos.	B 2.2.1 Comprende textos escritos de carácter expositivo de tema especializado, propios do ámbito educativo ou de divulgación científica e cultural, e identifica o tema e a estrutura.
	B 2.2.2 Sintetiza textos de carácter expositivo, de tema especializado, propios do ámbito educativo, distinguindo as ideas principais e secundarias.
	B 2.2.3 Analiza os recursos verbais e non verbais presentes nun texto expositivo de tema especializado e valóraos en función dos elementos da situación comunicativa (intención comunicativa do/da autor/autora, tema e xénero textual).
B 3.2 Recoñecer e identificar os trazos característicos das categorías gramaticais (substantivo, adxectivo, verbo, pronotes, artigos e determinantes), e explicar os seus usos e valores nos textos.	B 3.2.1 a 3.2.5 Identifica e explica os usos e valores do substantivo, adxectivo, verbo, pronotes, artigo determinado e indeterminado e determinantes en xeral, en relación coa intención comunicativa do emisor e a tipoloxía textual seleccionada, así como con outros componentes da situación comunicativa (audiencia e contexto)
B 3.4 Recoñecer os trazos propios das tipoloxías textuais identificando a súa estrutura e os trazos lingüísticos máis importantes en relación coa intención comunicativa.	B 3.4.1 Recoñece e explica os trazos estruturais e lingüísticos dos textos narrativos, descritivos, expositivos e argumentativos.
	B 3.4.2 Analiza e explica os trazos formais dun texto nos planos morfosintáctico, léxico-semántico e pragmático-textual, relacionando o seu emprego coa intención comunicativa do emisor e o resto de condicións da situación comunicativa.
B 3.7 Coñecer a orixe e a evolución das linguas de España e as súas principais variedades dialectais, recoñecendo e explicando os seus trazos característicos en manifestacións orais e escritas, e valorando a diversidade lingüística como parte do patrimonio cultural do noso país.	B 3.7.1 Explica, a partir dun texto, a orixe e a evolución das linguas de España, así como as súas principais variedades dialectais, e valora a diversidade lingüística como parte do noso patrimonio cultural.
B 3.8 Recoñecer os usos sociais e funcionais da lingua, amosando interese por ampliar o seu propio repertorio verbal e evitar os prexuízos e estereotipos	B 3.8.1 Selecciona o léxico e as expresións adecuadas en contextos comunicativos que esixen un uso formal da lingua, evitando o uso de coloquialismos, imprecisións ou

lingüísticos.	expresións clixé.
	B 3.8.2 Explica, a partir dos textos, a influencia do medio social no uso da lingua, e identifica e rexeita os estereotipos lingüísticos que supoñen unha valoración peyorativa cara as persoas usuarias da lingua.
B 4.1 Realizar o estudo das obras máis representativas da literatura española desde a Idade Media ata o século XIX, a través da lectura e a análise de fragmentos e obras significativas.	B 4.1.1 Le e analiza fragmentos e obras significativas desde a Idade Media ao século XIX.
B 4.2 Ler e analizar fragmentos ou obras completas significativas desde a Idade Media ao século XIX, identificando as súas características temáticas e formais en relación co conrtexto, o movemento, o xénero ao que pertence e a obra do/da autor/autora, e constatando a evolución histórica de temas e formas.	B 4.2.1 Identifica as características temáticas e formais en relación co contexto, o movemento e o xénero ao que pertence e a obra do/da autor/autora.
	B 4.2.2 Compara textos de diferentes épocas e constata a evolución de temas e formas.
B 4.3 Interpretar críticamente fragmentos ou obras significativas desde a Idade Media ao século XIX, detectando as ideas que manifestan a relación da obra co seu contexto histórico, artístico e cultural.	B 4.3.1 Interpreta críticamente fragmentos ou obras significativas desde a Idade Media ao século XIX.
	B 4.3.2 Detecta as ideas que manifestan a relación da obra co seu contexto histórico, artístico e cultural.

En azul a materia pendente de dar cando se adoptaron as medidas de confinamento e suspensión de clases presenciais.

2.- AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

AVALIACIÓN

PROCEDEMENTOS	INSTRUMENTOS
Exercicios sobre os estándares de aprendizaxe	Facilitaranse unha serie de exercicios práticos relacionados cos criterios de avaliación e os estándares sinalados no apartado precedente. Os exercicios serán remitidos polo alumnado ao grupo creado por WhatsApp e a unha conta de correo electrónico creada a tal efecto. Valorarase que as respostas sexan correctas e a entrega puntual nas datas sinaladas ao respecto.
Proba específica	Realizarase unha proba específica destinada en especial ao alumnado coa materia pendente. Serán informados puntualmente da data da mesma . Realizarase vía telemática ben a través da Aula Virtual ou entrega con prazo de tempo delimitado ao correo electrónico creado ao efecto ou vía fotográfica ao WhatsApp da profesora.
Cualificación final	Para aprobar precísase unha calificación igual ou superior a 5. As cualificacións obtidas a partir dos instrumentos de avaliación mencionados para este trimestre, incorporaranse ás obtidas nos dous anteriores, tendo en conta que a calificación final nunca poderá ser inferior á acadada ata as datas do ensino presencial. Todo o alumnado con toda ou parte da materia pendente terá acceso a unha proba específica co obxectivo de poder obter unha calificación de aprobado ou superior.
Proba extraordinaria de setembro	O alumnado que non acade o aprobado na convocatoria de xuño terá acceso a unha proba extraordinaria presencial ou telemática en función das circunstancias.

3.- Metodoloxía e actividades do 3º trimestre	
Actividades	As actividades do 3º trimestre van encamiñadas ao repaso e reforzo do visto ao longo dos dous primeiros trimestres. As actividades consisten principalmente en lecturas, comentario, resumo e análise de textos de procedencia diversa e na realización de exercicios práticos.
Metodoloxía	Envío de material e consignas polo grupo de WhatsApp e ao correo electrónico creados ao efecto.
Materiais e recursos	Libro de texto. Material recollido de xornáis. Material recollido de libros de reforzo e apoio.

4.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE	
Información ao alumnado e ás familias	Envío como documento ao correo electrónico do alumnado. Publicación na Aula Virtual do centro.
Publicidade	Este documento será incluido na páxina web do Centro no Departamento de Lingua Castelá e Literatura.